

Unha Arribada que non chega

Description

É triste e realmente lamentable que un feito histórico da transcendencia de converter a Baiona en primeiro referente xeográfico no continente europeo da chegada de Colón ás Américas quede reducido a un evento turístico-gastronómico sen maior consecuencia. Non é por falta de ideas, pois téñense dado gratuitamente, senón de cabeza nas autoridades municipais e ata nas autonómicas, incapaces de imaxinar e construír un proxecto de maior ambición arredor de tal feito. Baiona tería e ten posibilidades e condicións para dotarse dun proxecto que faga dela un faro de referencia no mundo euroamericano en diferentes planos, optimizando unha infraestrutura que se caracteriza pola súa idoneidade e unha beleza natural que sempre asombra, facéndose acompañar dunha dotación de contidos que rache a estacionalidade e o mero feito turístico cunha axenda anual que incentive e motive a persoas e institucións do mais diverso arredor do amplo elenco de relacións que tenden pontes entre os dous continentes. Isto require pensar e actuar con outras miras, orientando un proxecto de vila arredor do feito que mais debe distinguir a Baiona, ese protagonismo histórico indiscutible. Só entón poderíamos falar de verdadeiro éxito. Mentres, recreámonos nas mediocridades. Aínda que sexan multitudinarias.

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Foreign action of Galicia

IDIOMA

Galego

Date Created

March 6, 2012

Meta Fields

Autoria : 3717

Datapublicacion : 2012-03-07 00:00:00